
**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DA ESCOLA TÉCNICA
SUPERIOR DE ENXEÑEIROUS DE CAMIÑOS, CANAIS E PORTOS DA
UNIVERSIDADE DA CORUÑA, CELEBRADA O XOVES, DÍA 6 DE ABRIL DE
2017**

De acordo co establecido na orde do día, a Xunta da Escola Técnica Superior de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos da Universidade da Coruña constitúese en sesión ordinaria ás 12:50 horas do xoves día 6 de abril de 2017, coa seguinte orde do día:

1. Presentación do equipo directivo da Escola Técnica Superior de Enxeñeiros de Camiños C. e P. trala convocatoria de eleccións para a dirección de centros e departamentos da UDC.

ASISTEN OS SEÑORES:

PROFESORES VINCULACIÓN PERMANENTE

Álvarez García	Julia
Anta Álvarez	José
Baldomir García	Aitor
Barrientos Rodríguez	Víctor
Carro López	Diego
Casteleiro Maldonado	Manuel
Cea Gómez	Luis
Colominas Ezponda	Ignasi
Díaz García	Jacobo Manuel
Domínguez Perez	Xabier Eduardo
Eiras López	Javier
Fuentes García	Luis
Galán Díaz	Juan José
González Fonteboa	Belén
Hernández Ibáñez	Santiago
Jácome Burgos	Alfredo
Jurado Albarracín-Martinón	José Ángel
Martínez Lage	Isabel
Navarrina Martínez	Fermín Luis
Nieto Mouronte	Félix
Novales Ordax	Margarita
Paris López	José
Pena Mosquera	Luis
Peña Gonzalez	Enrique
Pérez Pérez	Ignacio
Puertas Agudo	Jerónimo
Rdrez.-Vellando Fdez.-Carvajal	Pablo
Rodríguez Bugarín	Miguel Domingo
Romera Rodríguez	Luis Esteban
Suárez López	Joaquín
Varela García	Francisco Alberto

Vasallo Rapela	Alejandro Manuel
Vázquez Herrero	Cristina Mercedes
Couceiro Aguiar	Iván
Martínez Díaz	Margarita
Naves García-rendueles	Juan
Rodríguez Pasandín	Ana María
Rojo López	Gemma
Benavides Cabezas	Iván
Pazos Taboada	Damián
Sotelo Domínguez	Luis
Calvo Fariña	Juan Bautista
Cartamil Obelleiro	Carmen
Cruz Viqueira	María Pilar
Lafuente Paulos	Marta
Nuñez Cartelle	Ana Valvanera
Recarey Buño	María José
Vázquez González	Julia

EXCUSAN:

Acinas García	Juan Román
Herrador Barrios	Manuel Francisco
Nogueira Garea	Xesús Antón
Orro Arcay	Alfonso
Taboada Vázquez	Raquel

Preside a sesión o Sr. Manuel Casteleiro, Catedrático de maior idade da Xunta de Escola. Actúa como secretario o Sr. Diego Carro, como secretario en funcións.

1. Presentación do equipo directivo da Escola Técnica Superior de Enxeñeiros de Camiños C. e P. trala convocatoria de eleccións para a dirección de centros e departamentos da UDC.

O presidente explica o proceso de eleccións, onde se non hai máis de un candidato non hai eleccións, aínda que si que pode haber unha reunión da Xunta de Escola para iniciar o novo período de xestión.

O Presidente cede a palabra ao profesor Ignasi Colominas, único candidato a director da Escola. O profesor Ignasi Colominas fai unha presentación da situación da Escola e das súas ideas para os próximos anos. Trata os eixos de docencia de calidade e de investigación de calidade. Destaca a súa intención de seguir a colaborar cos colexios profesionais de Enxeñeiros de Camiños C e P e co de Enxeñeiros técnicos de Obras Públicas. Tamén salienta o papel da Fundación da Enxeñaría Civil en Galicia.

Continúa coa xestión do profesorado, indicando que apoiará a promoción do profesorado. No que respecta á captación de alumnos, indica que se ten que seguir incidindo en traballar para a promoción da Escola.

No que respecta á Administración da Escola, sinala que traballará na mellora da racionalización da xestión académica. Na Biblioteca, propón renovar e aumentar os fondos dentro do posible.

Segue co colectivo de estudantes, destacando a promoción e organización de ciclos de conferencias e exposicións. Destaca neste eido a realización de estancias en prácticas, onde a pesar do momento económico, se mantiveron a bo ritmo, da orde de 100 estudantes van a realizar esta actividade.

No apartado de Investigación, compromete o apoio aos grupos de investigación, apoiando a inversión e renovación de equipos. Respecto á Xestión económica, que é complexa, intentará melloralo no posible e racionalizalo no que se poida. Destaca tamén o desexo de colaborar cos departamentos que hai na Escola.

Continúa explicando que debemos darnos a coñecer, destaca que se traballa nesta liña na medida posible pero que hai que mellorar, expón que é moi importante que existan noticias dos proxectos de investigación, das actividades dos estudantes e das actividades en xeral que se fan na Escola. Indica tamén que se debe tratar na medida do posible de vincular tamén aos antigos estudantes.

Manifesta a súa intención de continuar colaborando coas organizacións estudantís nas actividades que decidan organizar. Tamén a dar apoio a Enxeñaría sen fronteiras que ten unha longa tradición na Escola.

A continuación presenta a composición do equipo directivo do centro, indicando que, segundo indicou a reitoría, se contará con un compoñente menos no equipo, propón a continuidade do equipo directivo que veu traballando con el estes anos:

- José París López, Subdirector
- Aitor Baldomir García, Subdirector xefe de estudos
- Juan José Galán Díaz, director de programa de coordinación da investigación e doutoramento
- Luis Pena Mosquera, director de programa de estudantes e relacións institucionais
- Manuel Herrador Barrios, director de programa de relacións internacionais
- Diego Carro López, secretario académico

Sinala que non continúa o profesor Xabier Domínguez, que xa transmitira o seu desexo de non seguir.

Continúa agradecendo o traballo realizado polos membros das comisións e órganos de goberno da Escola. Tamén agradece o traballo de enxeñaría sen fronteiras, delegación de estudantes e do clube deportivo camiños (CDC). Agradece tamén a súa labor ao personal de administración e servizos. Continúa co agradecemento aos grupos de investigación, que contribúen a que a Escola cada vez sexa máis grande. Agradece á FICGA e ao seu patronato. Agradece ao equipo de dirección, expresamente ao profesor Xabier Domínguez que estivo 12 anos vinculado.

Intervén o estudante Iván Benavides, dicindo que a docencia pode mellorar, sobre todo no seu modelo. Contesta o profesor Ignasi Colominas, indicando que xa hai reunións sobre estes temas cos representantes dos estudantes. Tamén comenta que hai canais que están a funcionar moi ben para transmitir todas as propostas de mellora, e que se traballa sempre de cara á mellora da calidade docente e do resto de aspectos da Escola.

Intervén a profesora Cristina Vázquez, expoñendo que é representante no Consello Xeral do Colexio de Enxeñeiros de Camiños na área de internacionalización. Existen 36 centros que educan enxeñeiros civís e 16 escolas de máster en Enxeñaría de Camiños, Canais e Portos e a nosa zona de influencia viuse reducida nos últimos anos. Fai un chamamento ao diagnóstico e establecer obxectivos a longo prazo. Tamén indica que administra un grupo de LinkedIn relacionado coa internacioanlización, sinala que considera que desde as redes sociais se pode establecer un diálogo construtivo.

Intervén o profesor Xabier Domínguez, agradecendo as palabras do profesor Ignasi Colominas, e agradece aos seus compañeiros o traballo compartido.

A sesión da Xunta de Escola finaliza ás 13:30 horas do xoves 6 de abril de 2017.

Vº.Bº.

Manuel Casteleiro Maldonado
Presidente da sesión

Diego Carro López
Secretario Académico